

RSE

e respecto
ao ambiente

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia.

Depósito legal: C 3968-2009

1. RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL E AMBIENTE	7
1.1. Introducción	
1.2. Industria e ambiente	
1.3. Obxectivos ambientais nas empresas RSE	
1.4. Postura internacional, a ONU	
2. SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL NAS EMPRESAS	16
2.1. EMAS	
2.1.1. Vantaxes que ofrece a súa implantación	
2.1.2. Pasos que cómpre seguir para a súa implantación	
2.2. Norma ISO 14001	
3. O COIDADO AMBIENTAL, BENEFICIOS E BENEFICIARIOS	21
4. CAUSAS E ACCIÓNS DO CAMBIO CLIMÁTICO	23
4.1. Utilización de enerxías limpas	
4.1.1. Enerxías tradicionais	
4.1.2. Enerxías renovables	
4.2. Redución dos niveis de contaminación	
4.3. Correcta eliminación de residuos	
4.4. Xestión axeitada dos recursos naturais	
4.5. Pequenas accións en empresas RSE	
4.6. Outras actuacións	
5. ENDEREZOS DE INTERESE	47

1. RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL E AMBIENTE

1.1. INTRODUCCIÓN

A Comisión Europea define a responsabilidade social empresarial (RSE) como “o compromiso voluntario por parte das empresas co desenvolvemento social e ambiental nas súas operacións comerciais e nas relacións cos seus interlocutores”.

A importancia que hoxe ten o coidado do ambiente reflíctese na RSE, e en todo o mundo se poden observar distintas iniciativas como as da Organización de Nacións Unidas (ONU) co Pacto Mundial, as da Unión Europea co *Libro Verde* da RSE, as da Xunta de Galicia co Plan galego de liñas de actuación...

A **Organización de Nacións Unidas (ONU)** promove co Pacto Mundial que as empresas se comprometan a alinear as súas estratexias e operacións con dez principios universalmente aceptados, tres deles dedicados á área do ambiente:

- As empresas deberán manter un enfoque preventivo que favoreza o ambiente.
- As empresas deben fomentar as iniciativas que promovan unha maior responsabilidade ambiental.


- As empresas deben favorecer o desenvolvemento e a difusión das tecnoloxías respectuosas co ambiente.

A Unión Europea no *Libro Verde* senta as bases dos distintos ámbitos onde deben incidir as empresas para actuar de forma responsable. Na epígrafe “Xestión do impacto ambiental e dos recursos naturais” explica en que puntos deben traballar as empresas para reducir este impacto, como a diminución do consumo de recursos ou dos refugalllos e as emisións contaminantes.

A Xunta de Galicia, na súa aposta polo diálogo social, marca os puntos nos que baseará a súa estratexia de futuro, un deles é o fomento da RSE, que se recolle no Plan galego de liñas de actuación, e promove en relación co ambiente:

8

- Conciliar a protección ambiental e o crecemento económico. Cómpre desenvolver medidas que fomenten a adopción de responsabilidades ambientais e o desenvolvemento e difusión de tecnoloxías non contaminantes (inclusivas de sistemas de xestión, ecoeficiencia e produción limpa).



1.2. INDUSTRIA E AMBIENTE

O cambio climático e a deterioración do noso contorno constitúen unha importante ameaza para os sistemas socioeconómicos e ecolóxicos mundiais.

O crecemento económico que trouxo consigo a revolución industrial do século XIX para os países máis desenvolvidos, unido á negativa das empresas a renunciar a parte dos seus beneficios, sentou as bases do comezo da deterioración continua da natureza.

Os poderes públicos permitiron que as industrias non tivesen que someterse a ningunha lexislación que menoscabase a súa rendibilidade. Isto, unido á incorporación de novos países ao desenvolvemento, supuxo un aumento da produción industrial que trouxo consigo un impacto na natureza infinitamente maior do esperado, ata chegar a un punto no que xa é imposible obviar o desgaste ecolóxico por máis tempo.


A opinión pública convértese no primeiro acusador do dano producido, que non só afecta directamente a calidade de vida das persoas, senón tamén a súa saúde.

A solución atopada polos empresarios foi que as industrias máis contaminantes se trasladarían a países máis permisivos, sen control da deterioración ambiental, compensando o custo do transporte cunha man de obra moi barata.

Finalmente, a incorporación ao desenvolvemento industrial de toda a zona asiática, destacando polo seu tamaño A China e A India, fixo que o problema se agravase, ata o extremo de que toda a sociedade é consciente da necesidade de lle buscar solucións ao problema ambiental.

A postura dos consumidores cambiou, convertéronse en consumidores responsables, que esixen que as cadeas de produción sexan respectuosas co ambiente e cos dereitos humanos. Esta esixencia provocou que as empresas teñan que tomar medidas reais para o problema, sen escondelo levándoo lonxe, xa que, co acceso aos actuais medios de comunicación, todo é visible.

Un consumidor responsable, ademais de non tolerar que contaminen o seu país, tampouco permite que o fagan con outros. As accións contra o ambiente teñen repercusión no ámbito global. Por iso, agora as empresas teñen que pensar que facer cos seus refugallos, coas súas verteduras, cos seus gases tóxicos, coa contaminación das augas... porque a sociedade xa é consciente da importancia dos seus actos e reclama un cumprimento das normas cuxo fin é o coidado do ambiente.



1.3. OBXECTIVOS AMBIENTAIS NAS EMPRESAS RSE

Os obxectivos ambientais que se fixan as empresas que cumpren coa RSE son:

- A diminución do consumo de recursos e materias primas.
- A vertedura controlada de refugалlos e emisións contaminantes.
- A redución do gasto enerxético e de eliminación de refugалlos.

Creáronse sistemas de xestión ambientais, etiquetas ecolóxicas que garanten o bo comportamento das empresas, rexistros de empresas que levan a cabo boas prácticas... O control é tan exhaustivo que a empresa que queira certificar a súa boa conduta ten que ser examinada por un terceiro que verifique a información que se lle dá ao consumidor, para que este poida ter a garantía de que o produto que compra se fabricou con total respecto á natureza.

É moi importante significar que está demostrado que as organizacións que respectan na súa manufacturación prácticas de protección ambiental son, a medio e longo prazo, máis competitivas no mercado internacional, ligado, na súa maioría, á utilización de tecnoloxía punta e ao apoio dos consumidores e investidores.

O éxito das empresas con RSE está directamente unido ao desenvolvemento cultural da sociedade onde se leven a cabo as súas actividades. Por iso, na actualidade, a meirande implantación destas entidades atópase en países onde a solidariedade e o respecto ao ambiente son valores fortemente arraigados. Para un futuro mellor é importantísimo o labor educacional de concienciación no coidado e na conservación da natureza.



1.4. POSTURA INTERNACIONAL, A ONU

O problema da deterioración do planeta é de tal envergadura que a Organización de Nacións Unidas (ONU) tivo que tomar medidas específicas de ambiente e desenvolvemento sustentable.

A primeira Conferencia das Nacións Unidas sobre o Ambiente e o Desenvolvemento, coñecida máis comunmente como **Cumio para a Terra**, desenvolveuse en Río de Xaneiro en xuño de 1992. Os países participantes acordaron adoptar un enfoque de desenvolvemento que protexese o ambiente, mentres se aseguraba o crecemento económico e a mellora social. Neste cumio 178 gobernos aprobaron diversos documentos:

- Programa 21: os gobernos estableceron pautas de acción cuxa aplicación supoñería abandonar o modelo de crecemento económico non sustentable, a favor de actividades que protexesen e renovasen os recursos ambientais dos que dependía o crecemento e o desenvolvemento do mundo. Os ámbitos de acción eran a protección da atmosfera; a loita contra a deforestación, a destrución do chan e a desertización; a prevención da contaminación do aire e da auga; a fin da redución das poboacións de peixes e a promoción da xestión segura dos refugallos tóxicos. Este programa tamén abordou as pautas de desenvolvemento que supoñen unha carga para o ambiente, tales como: pobreza, débeda externa dos países en desenvolvemento, modalidades non sustentables de produción e consumo, presión demográfica e estrutura da economía internacional.

- Declaración de Río sobre ambiente e desenvolvemento: a través de 27 principios defínense os dereitos e deberes dos estados.
- Declaración de principios sobre os bosques. É unha declaración autorizada, sen forza xurídica obrigatoria, de principios para un consenso mundial respecto da ordenación, da conservación e do desenvolvemento sustentable dos bosques de todo tipo.
- Convencións sobre o cambio climático, a diversidade biolóxica e a desertización.

Na Convención do Cambio Climático promulgouse o protocolo de Kyoto, que ten por obxectivo reducir as emisións dos seguintes gases provocadores do quentamento global: dióxido de carbono (CO_2), gas metano (CH_4) e óxido nitroso (N_2O), ademais de tres gases industriais fluorados: hidrofluorcarbonos (HFC), perfluorocarbonos (PFC) e hexafluoruro de xofre (SF_6), nunha porcentaxe aproximada dun 5% dentro do período que vai dende o ano 2008 ao 2012, en comparación coas emisións do ano 1990.

A redución destas emisións debe facerse de forma global, é dicir, que cada país adscrito a este protocolo non debe reducir as súas emisións un 5%, senón que cada país obrigado por Kyoto ten as súas propias porcentaxes de emisión que debe diminuír.



A segunda reunión, coñecida como **Cumio para a Terra + 5**, produciuse en Nova York en xuño de 1997 e tiña como principal obxectivo analizar a execución do Programa 21 aprobado no cumio anterior.

Acordos adoptados no Cumio para a Terra +5:

- Adoptar obxectivos xuridicamente vinculantes para reducir a emisión dos gases de efecto invernadoiro, os cales son causantes do cambio climático.
- Avanzar con máis vigor cara ás modalidades sostibles de produción, distribución e utilización da enerxía.
- Dedicar o máximo esforzo por parte dos países ricos á erradicación da pobreza como requisito previo do desenvolvemento sustentable.

O **Terceiro Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sustentable** levouse a cabo na cidade de Johannesburgo en agosto e setembro de 2002 para facer unha análise e seguimento do Programa 21 adoptado no cumio de Río. O seu principal obxectivo foi a adopción de compromisos concretos relacionados co Programa 21 e o logro do desenvolvemento sustentable.

Á parte do programa intergobernamental tamén se lles prestou atención a todos os sectores da poboación que están comprometidos co desenvolvemento sustentable: empresas e industrias, infancia e mocidade, agricultores, pobos indíxenas, autoridades locais, organizacións non gobernamentais, comunidades científicas e tecnolóxicas, mulleres, persoas traballadoras, sindicatos...

2. SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL NAS EMPRESAS

As empresas que queren aplicar RSE poden implantar un sistema de xestión ambiental que garanta que a súa actividade non prexudica en ningún sentido o ambiente. Ademais, é unha ferramenta perfecta para lles mostrar aos consumidores, investidores e á sociedade en xeral que é unha organización concienciada cos problemas ecolóxicos do planeta.

Actualmente coexisten dous sistemas para a implantación nas organizacións dun sistema de xestión ambiental: o EMAS no ámbito europeo e a ISO 14001 no ámbito internacional.

Ambos os sistemas teñen a finalidade de previr e mellorar a xestión ambiental das organizacións, pero diferéncianse nalgúns aspectos de esixencia, polo que é necesario tratalos individualmente.



2.1. EMAS

EMAS é o sistema de xestión e auditoría ambiental da Unión Europea (Eco-Management and Audit Scheme) ao cal se pode adherir, de forma voluntaria, calquera organización que queira avaliar e mellorar o seu comportamento ambiental e difundir a información pertinente relacionada con esta xestión ao público e demais partes interesadas.

O principal obxectivo deste sistema é promover a mellora continua dos resultados das organizacións en relación co ambiente, a través de:

- A implantación de sistemas de xestión ambiental.
- A avaliación sistemática, obxectiva e periódica do funcionamento do sistema aplicado.
- Difusión da información sobre o comportamento ambiental da organización.
- Formación do persoal para a súa implicación activa no desenvolvemento e aplicación do sistema de xestión ambiental.



2.1.1. VANTAXES QUE OFRECE A SÚA IMPLANTACIÓN

Pódense agrupar en tres grandes bloques: mellora da imaxe, aforro de custos e cumprimento da lexislación ambiental.

As empresas que se someten a este control poden ver como:

- Aumenta a aceptación social da organización.
- A organización evidencia unha actitude cara ao coidado do ambiente.
- Conseguen unha redución do consumo de recursos naturais (auga, materias primas, enerxía).
- Diminúen os residuos xerados.
- Aumenta o cumprimento da lexislación vixente en materia de ambiente e, polo tanto, logran reducir as sancións por infraccións.
- Conseguen minimizar o risco industrial e, polo tanto, o custo das pólizas de seguro.
- Logran maior confianza dos investidores e, en consecuencia, maior financiamento.
- Aumenta a motivación dos empregados.
- Reciben maior número de subvencións e axudas para levar a cabo actuacións ambientais.
- Facilita as concesións de permisos e licenzas.

2.1.2. PASOS QUE CÓMPRE SEGUIR PARA A SÚA IMPLANTACIÓN

Para poder adherirse a este sistema, as empresas deben realizar os seguintes pasos:

1. Adoptar unha política ambiental de respecto ao ambiente.
2. Realizar unha análise preliminar da organización para coñecer os impactos ambientais que ocasiona, e que serve de punto de partida para a xestión ambiental posterior.
3. Implantar un sistema de xestión ambiental aplicable a todas as actividades da organización.
4. Realizar auditorías ambientais.
5. Elaborar unha declaración ambiental.
6. Comprobar todos os pasos anteriores a través de verificadores ambientais acreditados.
7. Presentar, no organismo que corresponda en cada comunidade, a declaración ambiental validada xunto co resto da información que lle soliciten.
8. Distribuír ao público e partes interesadas a declaración ambiental validada.

2.2. ISO 14001

A Organización Internacional para a Estandarización (ISO) estipulou na década dos 90 as normas ISO 14000 relacionadas co ambiente.

Dentro destas normas destaca a ISO 14001, que establece os requisitos necesarios para implantar na organización un sistema de xestión ambiental eficaz.

En xeral os obxectivos, vantaxes e pasos que cómpre seguir para a súa aplicación correspóndense cos do EMAS, non obstante, hai algunhas diferenzas básicas:

- ISO 14001 é a máis sinxela de implantar.
- ISO 14001 certifica por un terceiro a información que dá a empresa, mentres que o EMAS só verifica.
- ISO 14001 pódese aplicar de forma global na organización, mentres que o EMAS faíno de forma individual en cada centro de produción.
- Coa ISO 14001 a dirección da empresa decide que información quere facer pública, mentres que o EMAS publica a validación da declaración que fixo a organización.

Estas diferenzas fan que as organizacións vexan o EMAS como un segundo paso, tras consolidar o seu sistema de xestión ambiental a través da ISO 14001.

3. O COIDADO AMBIENTAL, BENEFICIOS E BENEFICIARIOS

Os beneficios que se derivan do coidado do ambiente repercuten en toda a sociedade.

Afortunadamente, as empresas decatáronse de que un comportamento ambiental responsable xera éxitos comerciais duradeiros en todos os niveis, compensando sobradamente os posibles incrementos de custos que a aplicación desa política lles poida supoñer.

Efectivamente:

- Os consumidores cada vez esixen máis saber as condicións de produción dos bens e servizos, e decántanse por aqueles que sexan responsables co ambiente.


Para iso, as empresas débennlle facer chegar ao público unha información clara e precisa das condicións de produción, de forma que o posible cliente poida facer a súa elección con coñecemento total.

Esta información pódese presentar baixo varias formas e ser elaborada por distintas fontes: directamente polo fabricante na etiqueta, por medio de asociacións de consumidores e, finalmente, por etiquetas certificadas por terceiros.

A etiqueta ecolóxica comunitaria concédese a produtos coa máxima calidade ecolóxica. Responde a criterios de transparencia e credibilidade certificados, verificados e controlados por un organismo independente. O consumidor pode estar seguro de que os produtos que levan esta etiqueta son respectuosos co ambiente.

- Os investidores buscan dirixir o seu diñeiro cara a investimentos socialmente responsables, por iso a Comisión Europea invita os fondos de pensións e os fondos de investimento que destaquen na súa publicidade se teñen unha actitude de responsabilidade coa sociedade e o ambiente nas súas decisións para a formación das súas carteiras.
- Os grandes investidores teñen en conta as políticas responsables das empresas, xa que son un indicador de boa xestión interna e externa.
- Os traballadores están máis motivados. Ademais, o respecto das normas ambientais estimula a innovación e a modernización dos procesos e produtos, fomentando o uso das tecnoloxías máis eficaces e limpas.

Unha organización que toma medidas ecolóxicas non só está axudando o seu contorno máis próximo, senón que o beneficio é mundial. O efecto transfronteirizo de moitos problemas ambientais relacionados coas empresas e a utilización de recursos fai que a visión deste tema deba facerse dende o primeiro paso da cadea de produción.



4. CAUSAS E ACCIÓNS DO CAMBIO CLIMÁTICO

Ninguén, incluso quen vive alleo ao que ocorre no resto do planeta, pode negar que o seu contorno se modificou nos últimos anos. En todas as partes se nota algún destes efectos: nalgúñas zonas chove máis; noutras menos; outras estanse desertizando; outras sofren tsunamis; outras secas; noutras neva por primeira vez; outras, porén, non reciben a neve de todos os anos; noutras as árbores florecen en outono e caen as follas na primavera...

Por iso, a empresa que queira sobrevivir debe aceptar o problema e aplicar a RSE.

Os campos de actuación para previr, controlar e minimizar o impacto ambiental son variados:

1. Utilización de enerxías limpas.
2. Redución da contaminación: acústica, lumínica, da atmosfera, da auga e do chan.
3. Correcta eliminación de residuos e reutilización de materiais.
4. Xestión axeitada dos recursos naturais, utilización de materias primas adecuadas para o medio.

Será a propia actividade empresarial, a situación das instalacións ou o tipo de necesidades os que fixen as medidas que en cada caso se deberán adoptar.

O obxectivo final das organizacións que se suman á RSE debe ser a **ecoefficiencia**, concepto definido polo World Business Council on Sustainable Development, e que significa a creación de bens e servizos usando menos recursos e xerando menos residuos e contaminación. É dicir, conseguir optimizar todo o proceso, dende a fabricación ata o seu consumo, de forma que o impacto no medio sexa mínimo.




4.1. UTILIZACIÓN DE ENERXÍAS LIMPAS

A enerxía é un ben vital para as empresas, non obstante, a súa produción, transporte e consumo poden provocar un impacto ambiental de enorme magnitude. A actuación da RSE sobre este elemento fundamental na industria é, polo tanto, primordial para a loita contra a deterioración da natureza.

4.1.1. ENERXÍAS TRADICIONAIS

O emprego das enerxías tradicionais –carbón, petróleo, gas natural e enerxía nuclear– provoca efectos devastadores tanto no eido local como no mundial.



Os efectos no eido local pódense dividir en:

Esgotamento progresivo dos recursos: as enerxías convencionais non son renovables, é dicir, non poden ser usadas indefinidamente, posto que se esgotan a medida que as usamos. Os expertos calcularon que, ao ritmo actual de consumo, as reservas de petróleo coñecidas durarán unhas catro décadas, as de gas natural 65 anos e as de carbón ao redor de 220 anos.

A contaminación de augas continentais, marítimas e de solos: este impacto provócano os residuos que se producen na extracción, procesamento e transporte das diferentes enerxías.

Os efectos no eido mundial son:

Efecto invernadoiro: cando se queima carbón para producir calor e despois enerxía eléctrica, emítense á atmosfera unha serie de gases entre os que está o CO₂ que provoca o efecto invernadoiro.

Chuvia ácida: certos carbóns, cando se queiman para producir calor ou enerxía eléctrica, desprenden óxidos de xofre e de nitróxeno. Estes gases ao reaccionar co vapor de auga da atmosfera (as minúsculas gotas de chuvia) forman outros compostos que son chamados ácidos e que caen á terra en forma das coñecidas como chuvias ácidas.

Perda de biodiversidade: a emisión de gases e partículas provocadas ao queimar certos combustibles, a ocupación do terreo e as verteduras incontroladas no transporte de combustibles fósiles causan, se se realizan a grande escala, efectos negativos en especies de plantas e animais, chegando a ocasionar mesmo a súa desaparición.

Diminución da capa de ozono: o ser humano utiliza unha serie de compostos en aerosois, escumas sintéticas, refrixerantes, disolventes, pulverizadores... que destrúen a capa de ozono que protexe a Terra das radiacións solares máis perigosas.

Ante este panorama, a actuación das industrias sobre o uso das enerxías queda máis que claro, e as dúas fronteiras principais que cómpre atacar:

- Obrigar á utilización cada vez en maior porcentaxe de enerxías limpas e renovables.
- Optimizar o uso da devandita enerxía no proceso de fabricación, non só investigando as posibles melloras que hai que introducir no proceso, senón o mantemento e posta a punto de toda a maquinaria.



4.1.2. ENERXÍAS RENOVABLES

As enerxías renovables son recursos limpos e inesgotables que proporciona a natureza, e que teñen un impacto practicamente nulo e sempre reversible no ambiente. Hai diferentes tipos:

Enerxía solar: é a enerxía producida polo sol. É a máis importante, é fonte de vida e orixe da maioría das demais formas de enerxía na Terra. Cada ano a radiación solar achega á Terra a enerxía equivalente a varios miles de veces a cantidade de enerxía que consome a humanidade. Utilizando paneis solares esta enerxía pode transformarse noutras, como a enerxía térmica e a enerxía eléctrica.

Enerxía eólica: é a enerxía obtida da forza do vento, é dicir, mediante a utilización da enerxía cinética xerada polas correntes de aire.

Enerxía da biomasa: é a enerxía obtida de materia orgánica mediante un proceso biolóxico, espontáneo ou provocado. Existen dous tipos de biocombustibles: sólidos (palla de cereais, leña, estelas e carbón vexetal) e líquidos. Estes últimos divídense, á súa vez, en dous grupos: alcohois, sobre todo o bioetanol, que se obteñen principalmente da cana de azucre, o millo, a palla de cereais e da celulosa de madeira; e os aceites vexetais, que se obteñen de fontes moi diversas como a colza e outras plantas que se usan en alimentación; utilízanse en motores de gasolina e diésel respectivamente.

Ambos os tipos presentan numerosas vantaxes ambientais, pero na actualidade cuestiónase o seu uso masivo ante a posibilidade de que compitan coa produción de alimentos e agraven o problema mundial da fame.

A enerxía da biomasa aprovéitase tamén para producir calor e electricidade.

Enerxía hidráulica: esta fonte utilízase para xerar electricidade aproveitando o movemento da auga retida en encoros ou presas, facéndoa pasar por un tubo que ten unha turbina ao final. O eixe desta turbina dá voltas e este xiro move un xerador eléctrico, co que se obtén enerxía hidroeléctrica.



É moi limpa porque non xera gases, pero a infraestrutura necesaria para obtela pode afectar o contorno ambiental e a canle dos ríos.

Considéranse moi interesantes as chamadas centrais minihidráulicas, que son pequenas e non alteran o curso do río nin afectan a vida fluvial.

Enerxía xeotérmica: ten a súa orixe na gran diferenza de temperatura que hai no interior da Terra, que vai dende os 15 °C da superficie aos 4.000 °C do núcleo. Esta diferenza, chamada gradiente térmico, orixina un fluxo continuo de calor dende o interior da Terra cara á superficie.

Esta enerxía foi aproveitada polo home dende tempos remotos (baños turcos, termas romanas, sauna escandinava...), agora esta calor utilízase para quentar invernadoiros, piscifactorías, calefaccións... e xerar electricidade recollendo o vapor que desprenden os acuíferos a altísimas temperaturas.

Enerxía mareomotora: orixinada polo vaivén da auga das mareas, as ondas, as correntes mariñas e mesmo a diferenza de temperatura do mar.

A construción destas centrais tamén pode afectar a vida mariña do lugar onde se localice.


O hidróxeno: é un gas moi lixeiro que, cando se combina co osíxeno do aire, produce auga e desprende moita calor. O hidróxeno líquido desprende tres veces máis calor que a mesma cantidade equivalente de gasolina.

Non obstante, o cambio da enerxía utilizada non ten por que levarse a efecto dunha forma radical. Cada vez son máis as industrias que incorporan ás súas instalacións sistemas de enerxías eficientes que garanten a subministración, reducen os custos de explotación e supoñen unha redución considerable das emisións de gases de efecto invernadoiro. A coxeración, por exemplo, é unha fonte enerxética que se utiliza nas industrias e que se produce pola asociación de enerxía eléctrica e calor nunha planta termoeléctrica.

Dende o punto de vista socioeconómico, non hai que esquecer que as enerxías renovables son autóctonas e non dependen do comercio internacional, como ocorre actualmente co petróleo. Países de clima parecido ao noso, cun número de horas de sol moi elevado e amplas zonas ventosas, poderían minimizar a súa dependencia económica do exterior favorecendo o desenvolvemento de enerxías propias. En resumo, a falta de bolsas de petróleo no subsolo do noso país poderíase ver compensada con estas enerxías alternativas, limpas e renovables.

Ademais, segundo o Plan de fomento das enerxías renovables 2000-2010 publicado polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a eficiencia enerxética en termos de enerxía primaria obtida con fontes renovables é moi alta, preto do 100% para a hidráulica, a eólica e a solar, e do 60% para a biomasa; fronte ao 35% do parque convencional.

As empresas poden realizar auditorías enerxéticas para que profesionais do sector as axuden a establecer medidas de eficiencia enerxética.



4.2. REDUCCIÓN DOS NIVEIS DE CONTAMINACIÓN

O resultado dunha falta de control no proceso industrial trae inexorablemente, como consecuencia, a contaminación do ambiente. O abuso e a falta de control converteu este problema nun dos máis graves e preocupantes para a RSE. E o que é peor, dos máis difíciles de corrixir.

A contaminación atacou todas as fronteiras. Moitas actividades económicas afectan gravemente a calidade dos recursos naturais como a auga, o chan e a atmosfera; outros tipos de contaminación, como a lumínica e a sonora, consideradas menos prexudiciais pola sociedade, tamén son excesivamente nocivas para a natureza.


A falta, ata o de agora, dun código de actuación globalizado que obrigue a todas as empresas a cumprir unhas normas homoxéneas, dexenerou nunha competitividade salvaxe, que permitía o uso de calquera medio para conseguir produtos máis económicos e de máis doada colocación no mercado.



A contaminación da auga é quizais o problema máis grave. Os ríos, os lagos, os mares, os océanos... serviron dende hai centos de anos como vertedoiros de desperdicios.

As verteduras industriais e o combustible que utilizan os medios de transporte fluviais e marítimos (petróleo, gas...) son algúns dos principais axentes da deterioración masiva das augas. Ata nos puntos máis recónditos do planeta se poden atopar, en maior ou menor medida, augas contaminadas con pesticidas, refugалlos químicos, metais pesados, residuos radioactivos etc.

A auga é un fluído, polo tanto, unha auga contaminada estende o seu mal doadamente. Os ríos desembocan no mar, a auga filtra-se na terra...



A consecuencia máis directa deste tipo de contaminación é a morte dos animais que viven, se alimentan e beben nestas augas, tamén dana gravemente as plantas, ocasionando, por conseguinte, a perda de biodiversidade; os ecosistemas transfórmanse coas súas consabidas consecuencias; a contaminación de augas potables pode poñer en risco a vida de moitas persoas; pode ocasionar a mutación de animais, seres humanos, plantas...

A contaminación do chan vén provocada, na súa maior parte, polas verteduras de residuos químicos industriais sen ningún tipo de tratamento previo.

A consecuencia principal é o envelenamento da flora e da fauna, elementos fundamentais na alimentación do home, ademais da redución de terra cultivable. Tamén, dunha forma indirecta, ocasiona a contaminación da atmosfera por vaporización e das augas por contacto.

A contaminación atmosférica pode danar a saúde das persoas e afectar a vida das plantas e dos animais. Mais os cambios que se producen na composición química da atmosfera provocan os efectos antes descritos de chuvia ácida, destrución da capa de ozono..., fenómenos todos eles dunha grande importancia ambiental.

Os principais mecanismos de contaminación atmosférica son os procesos que implican combustión, tanto en industrias como en automóbiles e calefacción. En todos os casos se xera dióxido e monóxido de carbono, óxidos de nitróxeno e xofre, entre outros contaminantes. Tamén algunhas industrias emiten gases nocivos nos seus procesos produtivos, como cloro ou hidrocarburos, que non realizaron a combustión completa.

Practicamente calquera actividade do home orixina contaminación. Cando acendemos a luz, a calefacción, usamos o coche, consumimos alimentos, utilizamos produtos de limpeza, quentamos a auga... emítense substancias contaminantes que van directamente á atmosfera.

Nun país industrializado a contaminación do aire procede das emisións industriais, dos sistemas de transporte e dos pequenos focos de emisión das cidades. Pero non hai que esquecer que, ao final, o maior ou menor volume destes gases de contaminación dependen da demanda de produtos, enerxía e servizos que esixa en cada momento o conxunto da sociedade.


Galicia, co Plan galego de acción fronte ao cambio climático, ten por obxectivo a redución de 2,45 millóns de toneladas de CO₂ ao ano no horizonte do 2011, mediante medidas impulsadas tanto pola Xunta como polas diferentes administracións públicas e axentes sociais. Ademais, a nosa comunidade, consciente do importante papel que xogan as empresas e dando un paso máis no fomento e desenvolvemento da RSE, vai crear un rexistro de organizacións que reduzan as súas emisións de CO₂, no que tamén se darán a coñecer as súas iniciativas.



A contaminación acústica é o exceso de son que altera as condicións normais do ambiente nunha zona determinada. A diferenza doutros tipos de contaminación nin se acumula, nin se traslada, nin se mantén no tempo, pero pode provocar efectos nocivos fisiolóxicos e psicolóxicos nas persoas. Como en todos os tipos de contaminación, o principal causante é o ser humano por medio da actividade industrial e do transporte principalmente. España é o país máis ruidoso de Europa.

A contaminación lumínica é a emisión de fluxo luminoso de fontes artificiais nocturnas en intensidades, rangos espectrais, direccións ou horarios inusuais. Vén motivada pola realización de actividades artificiais nas zonas afectadas.

A pesar de non ser considerado un problema moi grave, as consecuencias son numerosas e bastante prexudiciais, como o aumento do gasto enerxético e económico, dano aos ecosistemas nocturnos... ademais non se limitan ao contorno do lugar onde se produce a contaminación, senón que a luz se difunde e o seu efecto déixase sentir a centenas de quilómetros.



4.3. CORRECTA ELIMINACIÓN DE RESIDUOS

As empresas e industrias xeran diariamente unha gran cantidade de produtos de refugallo. Unha actitude socialmente responsable no ámbito empresarial leva consigo a busca dun correcto tratamento para a súa eliminación. Estes procesos poden reducir os custos de eliminación, diminuír as materias primas necesarias e, subsidiariamente, xerar uns ingresos pola venda de residuos.

Dunha forma xenérica, os refugallos pódense dividir en orgánicos e inorgánicos. Existen outros considerados perigosos, que esixen un especial coidado no seu tratamento. Dado o seu alto grao de contaminación, non eliminalos axeitadamente pode poñer en serio perigo á natureza.

Para a recollida nos núcleos urbanos dos residuos considerados comúns, existen colectores específicos onde debe levarse todo tipo de material. Ao redor deste proceso constituíronse empresas dedicadas a recoller os colectores e trasladalos aos centros de tratamento e, mesmo algunhas, achéganse ás propias empresas para recoller os residuos.



A concienciación co problema débenos esixir máis, e as empresas con prácticas RSE deben cumprir a denominada lei das 3 erres da organización Greenpeace que propugna a redución, a reutilización e a reciclaxe.

- **Redución de residuos.** Hai que reducir o volume de produtos que consumimos. Moitas empresas compran cantidade de materiais e produtos que non necesitan ou fano con tanta antelación que acaban caducando e estragándose, polo que teñen que tiralos sen utilízalos, sen pensar que para a súa fabricación se empregaron materias primas que non debemos desbaldir, como o petróleo ou a auga.
- **Reutilización de residuos.** Consiste en reutilizar o maior número posible de obxectos, co fin de producir menos lixo e gastar a menor cantidade posible de recursos en fabricar outros novos.
- **Reciclaxe.** Os materiais usados sométense a procesos cuxo fin é extraer a materia prima e que a industria manufactureira poida volver utilízala.

No funcionamento interno das empresas pódese reciclar gran cantidade de material, por iso é importante a concienciación de todos os traballadores no uso de colectores de residuos, e o traslado dos produtos que non se poidan botar nos colectores, como ordenadores, lámpadas, bolígrafos... aos puntos específicos ou doalos a institucións benéficas.


As industrias xeran multitude de produtos de refugallo cuxo tratamento é moito máis complexo, pero cuxa mala xestión pode provocar danos irreparables no medio. Estas deben concienciarse

e mesmo crear departamentos específicos de I+D+I e de ambiente para tratar de forma correcta estes residuos. Hoxe en día hai iniciativas que sacan beneficio destes refugallos, así, por exemplo, os restos das froitas que se empregan para fabricar zumes poden ser tratados e empregados posteriormente como fertilizante ou penso para animais.

Tamén hai ocasións nas que os residuos poden ser transferidos a outra industria que os pode empregar como materia prima ou auxiliar. Esta simbiose é economicamente vantaxosa para as dúas, xa que a primeira reduce os custos de eliminación e a segunda, de adquisición de materias primas. Mesmo existen bolsas de subprodutos industriais que poñen en contacto as diferentes empresas.

Os residuos perigosos e as verteduras industriais réxense por unha lexislación específica que hai que ter moi en conta, xa que o seu non cumprimento pode provocar desastres naturais de grande envergadura e as súas consecuentes multas millonarias.

Clave tamén no tratamento dos residuos nas industrias, é a **recuperación de residuos** en forma de materias primas ou enerxía, e que consiste nun proceso industrial cuxo obxecto é o aproveitamento dos recursos contidos nos residuos. Hoxe en día, por exemplo, estase a promover a utilización de subprodutos con alto poder calorífico como combustible.




4.4. XESTIÓN AXEITADA DOS RECURSOS NATURAIS

A busca de beneficios e do mantemento da sociedade do benestar levou ao desgaste de moitos recursos naturais. Algúns xa desapareceron e outros están a punto de facelo debido ao seu uso indiscriminado, mesmo os renovables non se poden rexenerar tan rápido como se destrúen, e os non renovables, como as enerxías fósiles (petróleo, carbón e gas natural) ou os minerais, ao ritmo que se están a extraer, permítenos garantir que as xeracións futuras non coñecerán moitos deles.

As empresas deben tomar este problema moi en serio, porque se están a xogar que no futuro non haxa materias primas para elaborar os seus produtos.

Algúns exemplos de recursos naturais en perigo son:

As árbores, cuxa corta masiva causa innumerables danos ecolóxicos. Os bosques cobren, aproximadamente, o 28% da superficie emerxida do noso planeta. As dúas terceiras partes desa extensión forestal sométense á obtención de madeira para a súa venda, polo que sobre esa superficie pende a ameaza dunha xestión inadecuada ou unha explotación abusiva e mesmo ilegal, especialmente en madeiras tropicais.



Conscientes deste perigo, naceu en 1996 o Consello de Administración Forestal (FSC), que creou unha Certificación Forestal da Madeira á que se poden adherir de forma voluntaria as empresas. Estas organizacións están obrigadas a cumprir uns requisitos que aseguran o uso sustentable dos bosques e, a cambio, poden poñer nos seus produtos unha etiqueta que lle garante ao consumidor que a materia prima se obtivo de forma legal e responsable.

A escaseza da auga é unha realidade e as súas consecuencias son de tal magnitude que mesmo é causa de guerras. Os recursos hídricos diminúen a unha velocidade vertixinosa debido ao aumento da poboación, á contaminación, ao cambio climático e ao dispendio sistemático.

Hoxe en día, un terzo da poboación mundial sofre problemas relacionados coa auga e, nun futuro, se o ser humano non cambia, esta situación agravarase.

Un exemplo da concienciación internacional deste problema foi a Expo de Zaragoza celebrada en 2008, cuxa temática foi "Auga e Desenvolvemento Sustentable".

A industria do petróleo considera que, se esta materia prima se segue extraendo ao ritmo actual, se esgotará dentro de 50 anos. Isto, unido a que a súa extracción, transporte, transformación e consumo leva consigo importantes impactos ambientais, concienciou as empresas e a sociedade da necesidade de dar solucións: emprego de novas tecnoloxías, coches eléctricos...

A crise do gas natural é unha realidade. Esta escaseza provocou o seu encarecemento, polo que moitas industrias buscan fontes alternativas, como as enerxías renovables.

4.5. PEQUENAS ACCIÓN EN EMPRESAS RSE

Nas epígrafes anteriores vimos os puntos principais nos que deben centrarse as empresas. Segundo o volume de cada unha, as medidas que terán que aplicar serán distintas, porén, hai algúns consellos básicos que poden adoptar dende as pemes ás multinacionais e mesmo os autónomos, e cuxa aplicación pode supoñer un beneficio enorme para o planeta. Como dixo Voltaire, “as pequenas cousas xeran grandes cousas”.

O primeiro paso que deben dar as empresas con RSE é concienciar os seus traballadores a través de cursos, charlas... deben animalos a asumir estas pequenas medidas no seu día a día:

42

- Comprar produtos co menor número de embalaxes ou envases posibles.
- Non consumir innecesariamente.
- Comprar produtos con etiquetas ecolóxicas.
- Dispoñer de colectores selectivos para que os empregados poidan separar os refugallo.
- Alongar a vida dos produtos o máximo posible.
- Usar o papel polas dúas caras.
- Usar produtos realizados con materiais reciclados.

- Realizar todas as operacións posibles en formato electrónico para non consumir papel.
- Aumentar o emprego de produtos biodegradables.
- Usar lámpadas de baixo consumo.
- Apagar os ordenadores, impresoras, escáner... durante a comida e ao final da xornada.
- Activar os sistemas de aforro de enerxía en ordenadores, impresoras, fotocopiadoras e outros equipos para que non funcionen nos períodos de inactividade.
- Apagar as luces das zonas que non estean sendo utilizadas.
- Utilizar temporizadores para optimizar as horas de luz.
- Motivar o persoal para que utilice o transporte público ou para que comparta os seus vehículos nos desprazamentos ao traballo.
- Fomentar o teletraballo para evitar o desprazamento do persoal.
- Renovar o parque móbil da empresa con coches eléctricos ou de baixo consumo.
- Poñer nos baños cisternas ecolóxicas.
- Instalar nas billas dispositivos de baixo consumo ou redutores de caudal.
- Reutilizar a auga en procesos que non necesiten auga limpa.

- Reparar as billas, canalizacións e válvulas que goteen.
- Non exceder os 21 °C de temperatura no inverno e reducir o uso de aire acondicionado no verán.
- Illar termicamente os espazos para non perder calor nin frío.
- Utilizar toallas en vez de rolos de papel ou secadores eléctricos de mans.
- Doar os ordenadores e outro tipo de maquinaria que xa non se utilice a organizacións benéficas.
- Acondicionar as áreas de traballo para aproveitar ao máximo a luz e a calor natural.
- Revisar as máquinas e demais obxectos para que non produzan altos niveis de ruído e, se non hai máis remedio, utilizar illantes para que non pasen ao exterior.
- Planificar axeitadamente a iluminación exterior, situándoa e orientándoa de tal maneira que non cause contaminación lumínica.
- Reutilizar os bolígrafos e rotuladores cambiando a mina ou recargando a tinta.
- Recargar os cartuchos das impresoras.
- Xestionar ben o almacenamento dos produtos acabados para que o primeiro en facerse sexa o primeiro en saír, evitando así a súa caducidade e, polo tanto, o seu desperdicio.
- Segregar os residuos o máis posible para evitar xerar máis dos necesarios ou converter en perigosos, ao mesturalos, os que non o eran.

- Comprar a granel os produtos para evitar os envases.
- Intentar, na medida do posible, comprar produtos en lugares próximos xeograficamente para evitar custos de transporte e a consabida contaminación.
- Almacenar, tratar e usar os materiais seguindo as especificacións do proveedor e fabricante para non malgastar e inutilizar o produto.
- Diseñar produtos que optimicen os consumos de enerxía, auga e materias primas.
- Instalar pantallas ou sistemas de protección entre un foco de ruído e os oíntes.

4.6. OUTRAS ACTUACIÓNS

A RSE ligada ao ambiente non só se circunscribe a actuacións directas no seu obxecto social principal, senón que tamén poden ir dirixidas á educación ambiental da sociedade e á colaboración con ONG que defenden o medio. Algunhas actividades que poden practicar:

- Actividades en colexios
- Congresos
- Exposicións
- Visitas guiadas a empresas de reciclaxe
- Foros
- Doazóns a ONG...

Deste xeito, a empresa consegue un dobre resultado: mellora a súa imaxe ante a sociedade e consegue concienciala para que eles tamén contribúan a conservar o ambiente.



5. ENDEREZOS DE INTERESE

ORGANISMOS E INSTITUCIÓN

AUTONÓMICOS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

<http://traballo.xunta.es>

PORTAL RSE XUNTA

rse.xunta.es

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

<http://medioambiente.xunta.es>

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

<http://www.conselleriaiei.org/ga/web/index.php>

IGAPE – Instituto Galego de Promoción Económica

www.igape.es

SIRGA – Sistema de información de residuos de Galicia

<http://sirga.medioambiente.xunta.es/>

SOGAMA – Sociedade Galega do Medio Ambiente

www.sogama.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO - TFNO. 902125000

Inicio | Mapa do Sitio | +A - | Procura Avanzada | Imprimir | Castellano

Axudas e subvencións | Formación e Cualificacións | Empleo | Relacións Laborais | Cooperativismo e Economía Social | Prevención Riscos Laborais

► Inicio

Menú Principal

- A Consellería
- Licitacións
- Normativa
- Publicacións e Estatísticas
- Trámites e Modelos
- Calendario Laboral



Noticias

- Mato márcase como prioridade frear a lacra do desemprego
- Mato apela á responsabilidade de patronal e sindicatos do metal e pide que tenten sentarse de novo á mesa
- Traballo lidera un proxecto financiado con máis de 700.000 euros para fortalecer a competitividade do emprego na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal
- Traballo informa desfavorablemente sobre o ERE de Pascual nun documento enviado hoxe ao Ministerio
- Traballo destina máis de 34 millóns de euros para axudas ao emprego en cooperación cos concellos

Destacados

- Datos do paro rexistrado no mes de maio de 2009
- Nova Convocatoria de Formador Ocupacional Online
- Plan Contigo
- I Congreso Internacional de Prevención de Riscos Laborais os días 27 e 28 de Novembro.
- Información sobre a Lei Reguladora da Subcontratación no sector da Construción
- Presentación no Parlamento dos presupostos da Consellería para o ano 2008
- Ver máis destacados

Servizos Directos

- 
- 
- 
- 
- 
- 

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

<http://traballo.xunta.es>




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Google

BUSCAR

[Inicio](#) | [Mapa web](#) | [Solicitude información](#) | [Axenda telefónica](#)



SAÚDA DO CONSELLEIRO	ÚLTIMAS NOVAS DA CONSELLERÍA
INFORMACIÓN XERAL	05/06/2009
CONSERVACIÓN DA NATUREZA	DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE - 2009 >> máis...
CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL	05/06/2009
DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	A XUNTA DE GALICIA REORIENTA A POLÍTICA DE SANEAMENTO DAS RÍAS, ANTE O FRACASO DA XESTIÓN DO BIPARTITO ☐ Agustín Hernández sinala que, á espera dos resultados finais dunha análise da situación das rías galegas, 7xa se pode avanzar que están peor que hai catro anos? ☐ Das 17 actuacións de emerxencia de eliminación da contaminación bacteriolóxica postas en marcha polo bipartito, 2 nunca funcionaron, 5 están fora de uso nestes momentos, e as 10 restantes presentan serias deficiencias? ☐ Salienta que o medio ambiente terá ?prioridade absoluta? en todas as políticas que desenvolva o seu departamento ☐ Medio Ambiente presentará nos próximos meses a nova Estratexia Galega de loita fronte ao cambio climático e estudará a participación de Galicia no Cumio do Clima ☐ A Consellería de Medio Ambiente financia con preto de 25 millóns de euros a Edar de Baiona, que estará emplazada en Cabo Silleiro, e que foi visitada polo conselleiro esta mañá >> máis...
AUGAS DE GALICIA	
CONSELLO MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	04/06/2009
INFRAESTRUTURAS	MEDIO AMBIENTE FINANCIA O 100% DAS OBRA DE MELLORA DA ESTACIÓN DE BOMBEO DO TEMPLE NO CONCELLO DE CAMBRE

Predición meteorolóxica
METEOGALICIA >> máis...
Sistema de Información ambiental de Galicia (SIAM)
SIAM Sistema de Información Ambiental de Galicia >> máis...
Administración electrónica e publicidade de expedientes
Administración electrónica >> máis...

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
<http://medioambiente.xunta.es>



SIRGA

<http://sirga.medioambiente.xunta.es/>



SOGAMA

www.sogama.es



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

<http://www.conselleriaiei.org/ga/web>



IGAPE

www.igape.es

ESTATAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

www.mityc.es/es-ES/index.htm

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL E MARIÑO

www.marm.es

EUROPEOS

UNIÓN EUROPEA

http://europa.eu/index_es.htm

PORTAL EUROPEO DE MEDIO AMBIENTE

http://europa.eu/pol/env/index_es.htm


INTERNACIONAIS

NACIONES UNIDAS. DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL

<http://www.un.org/spanish/esa/>



PORTAL RSE XUNTA
rse.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
http://europa.eu/index_es.htm



MINISTERIO DE INDUSTRIA,
TURISMO E COMERCIO

www.mityc.es/es-ES/index.htm



MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE
E MEDIO RURAL E MARIÑO

www.marm.es



http://europa.eu/pol/env/index_es.htm



<http://www.un.org/spanish/esa/>

XESTORES DE RESIDUOS

ECOEMBES- Ecoembalaxes España S.A.

www.ecoembes.com/es/Paginas/portada.aspx

ECOVIDRIO - Sistema integrado de xestión de envases de vidro

<http://www.ecovidrio.es/html>

SIGFITO - Sistema integrado de xestión de envases de produtos fitosanitarios

www.sigfito.es

SIGRE - Sistema integrado de xestión do sector farmacéutico

www.sigre.es

ECOLEC - Sistema integrado de xestión para a reciclaxe de aparellos eléctricos e electrónicos

www.ecolec.es

Fundación ECOTIC

www.ecotic.es

AMBILAMP - Asociación para a Reciclaxe de Lámpadas

www.ambilamp.es/web

TRAGAMÓVIL - Sistema para a recollida e reciclaxe de aparellos de telefonía móbil

www.tragamovil.es

ECOFIMÁTICAL - Sistema integrado de xestión de aparellos de ofimática e reprografía

www.ecofimatica.es

ECOLUM - Sistema integrado de xestión de aparellos eléctricos e electrónicos

www.ecolum.es

COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DE NOSTIÁN

www.coruna.es/gl/medioambiente/030105plant.jsp

ARPAL – Asociación para a Reciclaxe de Produtos de Aluminio

www.aluminio.org

ANREPA- Asociación Nacional de Recicladores de Palets

www.anrepa.com/gen/home.htm

REPACAR - Asociación Española de Recuperadores de Papel e Cartón

www.repacar.org/portada/portada.asp

ANARPLA – Asociación Nacional de Recicladores de Plástico

www.anarpla.com

ANAREVI –Agrupación Nacional de Reciclado de Vidro

www.anarevi.es

ANFEVI - Asociación Nacional de Empresas de Fabricación Automática de Envases de Vidro

www.anfevi.com

FEDEMCO-Federación Española do Envase de Madeira e os seus Compoñentes

www.fedemco.com

AXUDAS E SUBVENCÍONS

A continuación, indícanse enderezos web onde se pode encontrar información sobre axudas e subvencións para pemes relacionadas co ambiente. Enuméranse os organismos que as conceden co fin de que as empresas poidan solicitar máis información.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

<http://traballo.xunta.es>

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E TERRITORIO E INFRESTRUTURAS

<http://medioambiente.xunta.es>

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

<http://www.conselleriaiei.org/ga/web/index.php>

IGAPE

www.igape.es

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

www.mityc.es/es-ES/index.htm

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE E MEDIO RURAL E MARIÑO

www.marm.es

UNIÓN EUROPEA

http://europa.eu/index_es.htm



ECOEMBES- Ecoembalaxes España S.A.
www.ecoembes.com/es/Paginas/portada.aspx



ECOVIDRIO - Sistema integrado de xestión de envases de vidro
<http://www.ecovidrio.es/html>



SIGFITO - Sistema integrado de xestión de envases de produtos fitosanitarios
www.sigfito.es



SIGRE - Sistema integrado de xestión do sector farmacéutico
www.sigre.es



Ecolec - Sistema integrado de xestión para a reciclaxe de aparellos eléctricos e electrónicos
www.ecolec.es



Fundación ECOTIC
www.ecotic.es

AMBILAMP - Asociación para a Reciclaxe de Lámparas
www.ambilamp.es/web

TRAGAMÓVIL - Sistema para a recollida e reciclaxe de aparellos de telefonía móbil
www.tragamovil.es



ECOFIMÁTICAL - Sistema integrado de xestión de aparellos de ofimática e reprografía
www.ecofimatica.es



ECOLUM - Sistema integrado de xestión de aparellos eléctricos e electrónicos
www.ecolum.es



COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DE NOSTIÁN
www.coruna.es/gl/medioambiente/030105plant.jsp



ARPAL – Asociación para a Reciclaxe de Produtos de Aluminio
www.aluminio.org

